

BEGONTE

Exposición das obras presentadas ao Certame Galego de Arte de Begonte



Imaxe na Casa da Cultura de Begonte da exposición

A Casa da Cultura de Begonte acolle dende hai uns días, unha exposición das obras que se presentaron á XXVI edición do Certame Galego de Arte "José Domínguez Guizán", convocado polo centro do mesmo nome,


impulsor do belén electrónico da vila.

As obras que figuran nesta mostra aspiran a ser gañadoras do Premio José Domínguez Guizán, dotado con 1500 euros en metálico e unha estatuíña de Sargadelos.

XENTE DAQUÍ

COMARCA Fabiola Mecías e Peña Romay, mencións de honra

Eduardo Pérez Baamonde, premio galego de arte "José Domínguez Guizán"




O premio estaba convocado polo Centro Cultural "José Domínguez Guizán".

O pintor e profesor de arte de orixe vilalbés, Eduardo Pérez Baamonde, é o gañador da XXVI edición do Premio Galego de Arte "José Domínguez Guizán" convocado polo Centro Cultural do mesmo nome, con motivo da XLIV edición do Nadal en Begonte. O pre-

mio está dotado cunha estatuíña de Sargadelos e con 1.500 euros.

XURADO

O xurado encargado de tomar a decisión estivo formado por Aurelia Balseiro, directora do Museo Provin-



Un dos traballos dentro da mostra en Begonte

cial de Lugo, Gonzalo Sánchez, pintor, Manuel Gulín, pintor e Xulio Giz, en representación do centro convocante.

MENCIONS DE HONRA

Tal e como apunta o xurado "pola

calidade dos seus traballos concedéronse cadansúa mención de honra dotada cunha estatuíña de Sargadelos, a Fabiola Mecías de Vigo pola súa obra " Mariñeiro con gorra de aviador" e José Manuel Peña Romay, de Lugo.